

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

20149 *Real decreto 1794/2010, do 30 de decembro, sobre revalorización das pensións do sistema da Seguridade Social e doutras prestacións sociais públicas para o exercicio 2011.*

O Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, por medio do seu artigo 4.Un, procedeu a suspender para o exercicio de 2011 a aplicación do previsto no artigo 48.1.1 da Lei xeral da Seguridade Social, é dicir, a revalorización das pensións da Seguridade Social na súa modalidade contributiva, coa excepción das pensións mínimas do dito sistema e das pensións non concorrentes do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez. Esa suspensión tampouco quedou prevista para as pensións non contributivas da Seguridade Social.

Pola súa parte, a Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, contén, dentro do seu título IV, os criterios de revalorización das pensións do sistema da Seguridade Social para o dito exercicio que non resultaron afectadas pola suspensión da revalorización establecida polo citado Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio.

De acordo con tales previsións legais, este real decreto establece unha revalorización do 1 por cento dos complementos por mínimos das pensións do sistema da Seguridade Social na súa modalidade contributiva, das pensións non contributivas do dito sistema, así como das pensións non concorrentes do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez. Así mesmo, actualízanse as contías das asignacións en favor de fillos con discapacidade con 18 ou máis anos.

Por outra parte, en cumprimento do previsto no artigo 44.Dous da Lei 39/2010, do 22 de decembro, inclúense as normas de desenvolvemento necesarias en canto ao procedemento de solicitude, recoñecemento e aboamento do complemento establecido no dito precepto legal en favor dos perceptores de pensións de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, que residan habitualmente nunha vivenda alugada ao pensionista por propietarios que non teñan con el relación conxugal ou de parentesco ata o terceiro grao nin constituída con aquel unha unión estable e de convivencia con análoga relación de afectividade á conxugal.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de decembro de 2010,

DISPOÑO:

TÍTULO I

Pensións do sistema da Seguridade Social na súa modalidade contributiva

CAPÍTULO I

Normas comúns

Artigo 1. *Obxecto.*

Mediante este real decreto procédese ao desenvolvemento das previsións contidas, en materia de revalorización das pensións do sistema da Seguridade Social e doutras

prestacións sociais públicas, na Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. O establecido neste título será de aplicación aos complementos por mínimos das pensións de incapacidade permanente, xubilación, viuvez, orfandade e en favor de familiares do sistema da Seguridade Social na súa modalidade contributiva, que se causasen con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2011.

2. As pensións non concorrentes do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez rexeranse polas normas específicas contidas no artigo 6.

3. O resto das pensións do sistema da Seguridade Social non afectadas pola revalorización regulada neste real decreto manterán a contía que tivesen recoñecida en 31 de decembro de 2010, incrementada nos termos que derivan do establecido na disposición adicional primeira, salvo que aquela tiver que ser modificada por concorrer algunha das causas previstas legal ou regulamentariamente.

4. Quedan excluídos do disposto no número 1 os réximes especiais das Forzas Armadas, de funcionarios civís da Administración do Estado e dos funcionarios ao servizo da Administración de xustiza.

CAPÍTULO II

Pensións non concorrentes

Sección 1.^a *Pensións do sistema*

Artigo 3. *Complementos por mínimos das pensións contributivas.*

1. O importe das pensións non concorrentes complementarase, de ser o caso, na contía necesaria para alcanzar as contías mínimas que se reflicten no anexo I.

2. A diferenza entre os importes dos complementos a recoñecer para alcanzar en cada caso as contías mínimas que se recollen no anexo I e os que se encontraban en vigor por igual concepto o 31 de decembro de 2010 terán carácter de á conta da evolución do IPC real no período novembro 2010-novembro 2011.

Artigo 4. *Límite de ingresos.*

1. Os complementos por mínimos non teñen carácter consolidable e serán absorbibles con calquera incremento futuro que poidan experimentar as percepcións do interesado, xa sexa en concepto de revalorizacións ou por recoñecemento de novas prestacións de carácter periódico que dean lugar á concorrencia de pensións. Neste último suposto, a absorción do complemento por mínimo terá efectos desde o día primeiro do mes seguinte á data da resolución de recoñecemento da nova pensión.

2. Os complementos por mínimos serán incompatibles coa percepción polo pensionista de rendementos íntegros de traballo persoal por conta propia ou allea, e/ou de capital, ou outros posibles rendementos substitutivos daqueles, cando a suma de todas as percepcións mencionadas, excluída a pensión que se vaia complementar, exceda os 6.923,90 euros ao ano, salvo nos supostos previstos no número seguinte.

Para tal efecto, tamén se computarán entre tales ingresos as plusvalías ou ganancias patrimoniais, valoradas conforme a lexislación fiscal.

Para os exclusivos efectos do recoñecemento dos complementos por mínimos das pensións contributivas da Seguridade Social, dos rendementos íntegros percibidos polo pensionista, e computados nos termos establecidos na lexislación fiscal, excluíranse os seguintes:

a) Nos rendementos íntegros procedentes do traballo, os gastos deducibles, de acordo coa lexislación fiscal.

b) Nos casos de rendementos íntegros procedentes de actividades profesionais e agrícolas, gandeiras, os gastos deducibles, de acordo coa lexislación fiscal.

c) Nos rendementos íntegros procedentes de bens inmobles, os gastos deducibles, de acordo coa lexislación fiscal.

Os rendementos íntegros do pensionista, computados na forma en que se determina nos parágrafos anteriores, tomaranse no valor percibido no ano 2010, aínda que se deberán excluír os que se probe que non deben ser percibidos no exercicio 2011.

3. Cando a suma, en cómputo anual, dos rendementos referidos no número anterior e os correspondentes á pensión resulte inferior á suma de 6.923,90 euros máis o importe, tamén en cómputo anual, da contía mínima fixada para a clase de pensión de que se trate, recoñecerase un complemento igual á diferenza, distribuído entre o número de mensualidades en que se devenga a pensión.

4. Presumirase que concorren os requisitos indicados nos números anteriores se o interesado percibiu durante 2010 rendementos, computados na forma sinalada no número 2, por contía igual ou inferior a 6.923,90 euros. Esta presunción poderase destruír, de ser o caso, polas probas obtidas pola Administración directamente ou a través dos propios interesados.

5. Os pensionistas perceptores de complementos por mínimos que durante o ano 2010 obtivesen rendementos, polos conceptos referidos no número 2, superiores a 6.923,90 euros, deberán presentar unha declaración expresiva da dita circunstancia antes do día 1 de marzo de 2011.

Sen prexuízo da obriga establecida no parágrafo anterior, para acreditar as rendas e ingresos, as entidades xestoras da Seguridade Social poderán en todo momento requirirles aos perceptores de complementos por mínimos unha declaración destes e, de ser o caso, a achega das declaracións tributarias correspondentes.

6. No mínimo asignado ás pensións de grande invalidez, están comprendidos os dous elementos que integran a pensión.

7. Cando o complemento por mínimo de pensión se solicite con posterioridade ao recoñecemento daquela, producirá efectos a partir dos tres meses anteriores á data da solicitude, sempre que naquel momento se reúnan todos os requisitos para ter dereito ao mencionado complemento.

Artigo 5. *Complementos por mínimos en función das diferentes modalidades de convivencia e dependencia económica.*

1. Considerarase que existe cónxuxe a cargo do titular dunha pensión, para os efectos do recoñecemento das contías mínimas establecidas no anexo I, cando aquel estea convivindo co pensionista e dependa economicamente del.

Salvo no caso de separación xudicial, presumirase a convivencia sempre que se conserve o vínculo matrimonial, sen prexuízo de que esa presunción se poida destruír pola actividade investigadora da Administración.

Así mesmo, entenderase que existe dependencia económica do cónxuxe cando concorran as circunstancias seguintes:

a) Que o cónxuxe do pensionista non sexa, pola súa vez, titular dunha pensión a cargo dun réxime básico público de previsión social, entendendo comprendidos no dito concepto os subsidios de garantía de ingresos mínimos e de axuda por terceira persoa, ambos da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, e as pensións asistenciais reguladas na Lei 45/1960, do 21 de xullo.

b) Que os rendementos por calquera natureza do pensionista e do seu cónxuxe, computados na forma sinalada no número 2 do artigo anterior, resulten inferiores a 8.076,80 euros anuais.

Cando a suma, en cómputo anual, dos rendementos referidos no parágrafo anterior e do importe, tamén en cómputo anual, da pensión que se vaia complementar resulte inferior á suma de 8.076,80 euros e da contía anual da pensión mínima con cónxuxe a cargo de

que se trate, recoñecerase un complemento igual á diferenza, distribuído entre o número de mensualidades que corresponda.

2. Considerarase que existe cónxuxe non a cargo do titular dunha pensión, para os efectos do recoñecemento das contías mínimas establecidas no anexo I, cando aquel se encontre convivindo co pensionista e non dependa economicamente del nos termos previstos no número anterior.

3. Considerarase que o pensionista constitúe unha unidade económica unipersoal, para os efectos da aplicación do previsto na disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 40/2007, do 4 de decembro, de medidas en materia de Seguridade Social, cando, acreditando dereito a complemento por mínimos en atención aos seus ingresos, conforme o disposto no artigo anterior, non se encontre comprendido en ningún dos supostos previstos nos números anteriores deste artigo.

4. Os perceptores de complementos por cónxuxe a cargo estarán obrigados a declarar, dentro do mes seguinte ao momento en que se produza, calquera variación do seu estado civil que afecte esa situación, así como calquera cambio na situación de dependencia económica do seu cónxuxe.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo precedente, as entidades xestoras da Seguridade Social poderán solicitar, en calquera momento, os datos identificativos do cónxuxe, así como declaración dos ingresos que perciban ambos os cónxuxes.

5. A perda do dereito ao complemento por cónxuxe a cargo terá efectos a partir do día 1 do mes seguinte a aquel en que cesen as causas que deron lugar ao seu recoñecemento.

6. A omisión por parte dos beneficiarios do cumprimento do disposto no artigo 4.5 e no número 4 deste artigo será constitutiva de infracción, a teor do disposto na sección 2.^a do capítulo III do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Sección 2.^a Pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez

Artigo 6. Revalorización das pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez.

1. A revalorización das pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez non concorrentes con outras pensións públicas, calquera que sexa a data do feito causante, consistirá na diferenza entre o importe da pensión en 31 de decembro de 2010 e a contía de 5.383,00 euros, en cómputo anual, diferenza que terá carácter de á conta da evolución do IPC real no período novembro 2010-novembro 2011.

Para os efectos do previsto no parágrafo anterior, non se considerarán pensións concorrentes as prestacións económicas recoñecidas ao abeiro da Lei 3/2005, do 18 de marzo, aos cidadáns de orixe española desprazados ao estranxeiro, durante a súa minoría de idade, como consecuencia da guerra civil, nin as pensións percibidas polos mutilados útiles ou incapacitados de primeiro grao por causa da pasada guerra civil española, calquera que for a lexislación aplicable, as pensións extraordinarias derivadas de actos de terrorismo, nin o subsidio de axuda por terceira persoa, previsto na Lei 13/1982, do 7 de abril.

Cando, para o recoñecemento dunha pensión do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez, se totalizasen períodos de seguro ou de residencia cumpridos noutros países vinculados a España por norma internacional de Seguridade Social que prevexa esa totalización, o importe da pensión rateada a cargo de España non poderá ser inferior a 2.691,50 euros en cómputo anual.

Esta mesma garantía aplicarase en relación cos titulares doutras pensións distintas das do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez que opten por algunha destas pensións, sempre que na data do feito causante da pensión que se veña percibindo reunisen todos os requisitos exixidos polo dito seguro.

2. A revalorización establecida no número anterior non ten carácter consolidable.

CAPÍTULO III

Concurrencia de pensións

Artigo 7. *Concurrencia de pensións.*

1. Para os efectos do establecido neste título, entenderase que existe concurrencia de pensións cando un mesmo beneficiario teña recoñecida ou se lle recoñeza máis dunha pensión a cargo dalgunha das seguintes entidades e organismos:

a) As aboadas polo réxime de clases pasivas do Estado e, en xeral, as aboadas con cargo a créditos da sección 07 do orzamento de gastos do Estado.

b) As aboadas polo réxime xeral e os réximes especiais da Seguridade Social, as da modalidade non contributiva da Seguridade Social, as prestacións económicas por ancianidade e incapacidade a favor dos españois residentes no exterior e as pensións asistenciais por ancianidade para españois de orixe retornados.

c) As aboadas polos Fondos Especiais da Mutualidade Xeral de Funcionarios Cívís do Estado, do Instituto Social das Forzas Armadas e da Mutualidade Xeral Xudicial ou polas propias mutualidades citadas, así como as aboadas polo Fondo Especial do Instituto Nacional da Seguridade Social.

d) As aboadas polos sistemas ou réximes de previsión das comunidades autónomas e das corporacións locais e polos propios entes.

e) As aboadas polas mutualidades, montepíos ou entidades de previsión social que se financien en todo ou en parte con recursos públicos.

f) As aboadas por empresas ou sociedades con participación maioritaria, directa ou indirecta, no seu capital do Estado, das comunidades autónomas ou das corporacións locais ou dos organismos autónomos dun e outras, ben directamente ou mediante a subscripción da correspondente póliza de seguro cunha institución distinta, calquera que sexa a natureza xurídica desta, ou ben polas mutualidades ou entidades de previsión daquelas, nas que as achegas directas dos causantes da pensión se complementen con recursos públicos, incluídos os da propia empresa ou sociedade.

g) As aboadas pola Administración do Estado ou polas comunidades autónomas en virtude da Lei do 21 de xullo de 1960 e do Real decreto 2620/1981, do 24 de xullo, así como os subsidios económicos de garantía de ingresos mínimos e de axuda por terceira persoa, previstos na Lei 13/1982, do 7 de abril.

h) Calquera outra non enumerada nos parágrafos anteriores que se aboe total ou parcialmente con cargo a recursos públicos.

2. Non obstante, como excepción ao previsto no número 1 anterior, non terán a consideración de pensións públicas, nin, polo tanto, se computarán para efectos da limitación do sinalamento inicial ou da fixación da contía máxima de percepción das pensións públicas, as aboadas a través de plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivo, incluídos os formalizados por mutualidades de previsión social empresarial, promovidos polas administracións, organismos, entidades e empresas a que se refire a disposición derradeira segunda do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, e nos termos nela expresados.

Artigo 8. *Aplicación dos complementos por mínimos nos supostos de concurrencia de pensións.*

1. Nos supostos de concurrencia de pensións, a aplicación dos complementos por mínimos a que se refiren os artigos 3 a 5 levarase a cabo de acordo coas seguintes normas:

a) Soamente se recoñecerá complemento por mínimo se a suma de todas as pensións concorrentes resulta inferior ao mínimo que corresponda a aquela das do sistema da

Seguridade Social que o teña sinalado en maior contía, en cómputo anual. O dito complemento consistirá na cantidade necesaria para alcanzar a referida contía mínima.

b) O complemento que corresponda de acordo co disposto na norma anterior afectarase á pensión concorrente determinante da citada contía mínima.

2. Para os únicos efectos de garantía de complementos por mínimos, equipararanse a ingresos ou rendementos de traballo as pensións públicas que non estean a cargo de calquera dos réximes básicos públicos de previsión social.

As cantidades por un tanto fixo e os pagamentos periódicos aboados, con carácter compensatorio, aos pensionistas españois, ao abeiro do Acordo asinado entre España e o Reino Unido o 18 de setembro de 2006, non se computarán para ningún efecto para o recoñecemento dos complementos para alcanzar a contía mínima das pensións.

CAPÍTULO IV

Pensións recoñecidas en aplicación de normas internacionais

Artigo 9. Complementos por mínimos das pensións recoñecidas en aplicación de normas internacionais.

1. Á pensión que fose recoñecida en virtude de normas internacionais da que estea a cargo da Seguridade Social española un tanto por cento da súa contía teórica, engadiráselle, cando proceda en aplicación das normas xerais establecidas, o complemento por mínimos que corresponda. Ese complemento calcularase aplicando a porcentaxe tida en conta á diferenza que exista entre a contía que tería correspondido de atoparse a cargo da Seguridade Social española o 100 por cento da pensión e o mínimo que poida corresponder por aplicación das normas xerais.

2. Se, despois de ter aplicado o disposto no número anterior, a suma dos importes das pensións, recoñecidas ao abeiro dun convenio bilateral de Seguridade Social, tanto pola lexislación española como pola estranxeira, for inferior ao importe mínimo da pensión de que se trate vixente en cada momento en España, garantiráselle ao beneficiario, mentres resida en territorio nacional, a diferenza entre a suma das pensións recoñecidas, española e estranxeira, e o referido importe mínimo de acordo coas normas xerais establecidas para a súa concesión.

Para a aplicación do disposto neste número, do artigo 50 do Regulamento (CEE) n.º 1408/1971 do Consello, do 14 de xuño de 1971, e do artigo 58 do Regulamento (CE) n.º 883/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativos ambos á aplicación dos réximes de Seguridade Social aos traballadores por conta allea, aos traballadores por conta propia e as súas familias que se desprazan dentro da Comunidade, as contías fixas do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez terán a consideración de importes mínimos.

3. Para efectos do establecido nos artigos 3 a 5, as prestacións percibidas con cargo a unha entidade estranxeira serán consideradas ingresos ou rendementos de traballo, salvo que nun convenio bilateral ou multilateral se dispoña outra cosa.

4. Para proceder ao cálculo do complemento que, de ser o caso, haxa que recoñecerlle ao beneficiario, o importe da pensión estranxeira considerarase en euros. O tipo de cambio que se aplicará será o establecido para o 1 de xaneiro de 2011 ou para a data que corresponda en función daquela en que se cause o dereito ao citado complemento durante 2011. A fixación dese cambio farase de acordo coas disposicións ditadas para a aplicación dos regulamentos comunitarios e dos convenios bilaterais.

CAPÍTULO V

Normas de aplicación

Sección 1.^a Financiamento

Artigo 10. *Financiamento da revalorización das pensións.*

1. A revalorización das pensións establecida neste título financiarase con cargo aos recursos xerais do sistema da Seguridade Social, de acordo coas dotacións orzamentarias correspondentes.

2. As mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social participarán no custo dos complementos por mínimos das pensións de accidentes de traballo e enfermidades profesionais mediante as achegas que fixe o Ministerio de Traballo e Inmigración, de acordo co establecido no artigo 76 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, e normas concordantes.

Sección 2.^a Xestión

Artigo 11. *Recoñecemento do dereito á revalorización.*

O Instituto Nacional da Seguridade Social e o Instituto Social da Mariña, no ámbito das súas respectivas competencias, procederán de oficio ao recoñecemento do dereito á revalorización establecida nos artigos anteriores.

As entidades e organismos xestores dalgunha das pensións enumeradas no artigo 37 da Lei 4/1990, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 1990, conforme a redacción dada pola disposición adicional décima da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e pola disposición derradeira segunda da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2009, estarán obrigados a facilitar cantos datos se consideren precisos para poder efectuar a revalorización/actualización e, en especial, deberán especificar se as prestacións por eles outorgadas son ou non revalorizables, de acordo coa normativa aplicable a estas, ou se están constituídas polos complementos a que se refire o artigo 8, así como o número de pagas con que se percibe a pensión.

TÍTULO II

Pensións do sistema da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva

CAPÍTULO I

Revalorización das pensións da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva

Artigo 12. *Contía das pensións da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva.*

1. Para o ano 2011, a contía das pensións da Seguridade Social por xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, que se recoñecesen con anterioridade a 1 de xaneiro de 2011 ou se poidan recoñecer a partir da dita data queda fixada en 4.866,40 euros íntegros anuais.

2. A diferenza entre esta contía e o importe das citadas pensións non contributivas en 31 de decembro de 2010 terá carácter de á conta do IPC real no período novembro 2010-novembro 2011.

CAPÍTULO II

Complemento a favor dos titulares dunha pensión da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva que residan nunha vivenda alugadaArtigo 13. *Obxecto.*

Os beneficiarios de pensión de xubilación e invalidez da Seguridade Social, na súa modalidade non contributiva, poderán percibir o complemento anual de pensión previsto no artigo 44.Dous da Lei 39/2010, do 22 de decembro, e que se fixa en 525 euros anuais, cando acrediten, de forma que faga fe, carecer de vivenda en propiedade e residir de forma habitual nunha vivenda alugada como titular do contrato, sempre que o propietario daquela non teña co pensionista relación conxugal ou de parentesco ata o terceiro grao nin constituída unha unión estable e de convivencia con análoga relación de afectividade á conxugal.

Artigo 14. *Beneficiarios do complemento.*

1. Terán dereito ao complemento previsto no artigo 44.Dous da Lei 39/2010, do 22 de decembro, as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Ter recoñecida unha pensión de xubilación ou invalidez da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva, na data da solicitude e na de resolución.
- b) Carecer de vivenda en propiedade.
- c) Ser titular do contrato de arrendamento da vivenda na data da solicitude.
- d) Non ter co arrendador da vivenda alugada relación conxugal ou de parentesco ata o terceiro grao nin constituír con aquel unha unión estable e de convivencia con análoga relación de afectividade á conxugal.
- e) Ter fixada a súa residencia habitual na vivenda alugada.

2. Se na mesma vivenda alugada conviven dúas ou máis persoas que teñan recoñecida unha pensión da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva, só terá dereito a este complemento aquel que sexa o titular do contrato de arrendamento ou, de seren varios, o primeiro deles.

Artigo 15. *Residencia habitual na vivenda alugada.*

O requisito de residencia habitual na vivenda alugada exixido para o recoñecemento do dereito ao complemento de pensión entenderase cumprido cando esa vivenda sexa o domicilio habitual do pensionista. Para tal efecto, entenderase que a vivenda é o domicilio habitual cando a vixencia do arrendamento non sexa inferior a un ano e o pensionista residise nela durante un período mínimo de 180 días inmediatamente anteriores á data da solicitude.

Artigo 16. *Exclusión do complemento no cómputo de ingresos para manter o dereito á pensión non contributiva da Seguridade Social.*

A contía do complemento de pensión recoñecido aos perceptores de pensión de xubilación e de invalidez da Seguridade Social, na súa modalidade non contributiva, estará excluída do cómputo de rendas ou ingresos para efectos de determinar o mantemento do dereito a tal pensión.

Disposición adicional primeira. *Mantemento do poder adquisitivo das pensións da Seguridade Social e doutras prestacións sociais públicas no exercicio 2011.*

1. De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, os pensionistas da Seguridade Social que a continuación se enumeran recibirán, antes do 1 de abril do ano

2011 e nun único pagamento, unha cantidade equivalente á diferenza entre o importe da pensión percibida durante o exercicio 2010 e o que tería correspondido de terse revalorizado a pensión no dito exercicio no 2,3 por cento:

- a) Pensionistas cuxas pensións se causasen con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2010 e que fosen obxecto de revalorización no dito exercicio, excepto as que se recollen no número 3 desta disposición adicional.
- b) Pensionistas cuxas pensións se causasen en 2010 e estivesen limitadas, no seu importe, á cantidade de 2.466,20 euros mensuais.
- c) Perceptores de pensións non contributivas.
- d) Perceptores de prestacións da Seguridade Social por fillo a cargo con 18 ou máis anos de idade e un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento.
- e) Perceptores do subsidio de mobilidade e compensación para gastos de transporte.

2. Para o cálculo do pagamento único a que se refire o número anterior tomaranse, como importes no exercicio 2010 das prestacións contidas no anexo II, as contías que nel se reflicten.

3. De acordo co disposto na disposición adicional oitava da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, os perceptores, durante o ano 2010, das prestacións que a continuación se enumeran percibirán, antes do 1 de abril de 2011, e nun único pagamento, unha cantidade equivalente á diferenza entre a prestación percibida no ano 2010 e a que tería correspondido de aumentar a contía realmente percibida no dito exercicio co incremento real experimentado polo IPC no período novembro de 2009-novembro de 2010, unha vez deducido desta un 1 por cento:

- a) Pensións mínimas.
- b) Pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez non concorrentes, así como concorrentes con pensións de viuvez dalgún dos réximes do sistema da Seguridade Social, tendo en conta, neste último caso, a actualización da contía do límite establecido na disposición transitoria sétima do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Disposición adicional segunda. *Complementos por mínimos das pensións derivadas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.*

Para a determinación dos complementos por mínimos establecidos nos artigos 3 a 5, con referencia ás pensións por incapacidade permanente ou morte e supervivencia, derivadas de accidentes de traballo ou enfermidades profesionais, o importe anual da pensión dividirase por 14 e o cociente resultante considerarase como importe mensual da pensión. Cando o cociente obtido for inferior á contía mínima establecida para as pensións da súa clase, a diferenza constituirá o complemento por mínimo. O aumento que resulte da aplicación incrementarase ao importe de cada mensualidade da pensión, salvo as correspondentes a xuño e novembro, nas que o dito incremento será dobre.

Disposición adicional terceira. *Aplicación dos complementos por mínimos en supostos especiais.*

1. Os complementos por mínimos establecidos nos artigos 3 a 5 serán tamén de aplicación ás pensións causadas a partir do 1 de xaneiro de 2011.
2. As contías fixas do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez, a que se refire o artigo 6, son igualmente aplicables, de acordo co establecido nel, ás pensións causadas a partir do 1 de xaneiro de 2011.
3. Os pensionistas que o 31 de decembro de 2010 fosen menores de 60 ou 65 anos de idade pasarán a percibir, de ser o caso, as contías establecidas, para os que teñan cumprida esa idade, nos artigos mencionados nos números anteriores, a partir do día 1 do mes seguinte a aquel en que cumpran os 60 ou 65 anos, respectivamente.

4. Naqueles réximes do sistema da Seguridade Social que teñan previstos coeficientes redutores da idade de xubilación, en función da actividade realizada, a idade de 65 anos, para efectos de determinación do dereito aos complementos por mínimos previstos neste real decreto, entenderase cumprida cando por aplicación dos ditos coeficientes resulte unha idade igual ou superior á de 65 anos, sempre que os beneficiarios cumpran os demais requisitos exixidos.

Igual norma se aplicará nos supostos da xubilación especial aos 64 anos prevista no Real decreto 1194/1985, do 17 de xullo.

Disposición adicional cuarta. *Rectificación dos actos de revalorización.*

Os actos das entidades ou organismos aos cales lles corresponda o recoñecemento das revalorizacións de pensión que fosen ditados en aplicación deste real decreto poderán ser rectificadas de oficio nos casos de erros materiais ou de feito ou cando se constaten omisións ou inexactitudes nas declaracións do beneficiario, seguindo para tal efecto os procedementos e cos requisitos establecidos no ordenamento xurídico.

Disposición adicional quinta. *Prestacións familiares da Seguridade Social.*

Conforme o disposto nas disposicións adicionais primeira e oitava da Lei 39/2010, do 22 de decembro, a partir do 1 de xaneiro do dito exercicio económico a contía das prestacións familiares da Seguridade Social, na súa modalidade non contributiva, así como o importe do límite de ingresos para o acceso a estas, regulados na sección segunda do capítulo IX do título II do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, serán os seguintes:

1. A contía da asignación económica establecida no artigo 182 bis.1 será en cómputo anual de 291 euros.

2. As contías da asignación establecidas no artigo 182 bis.2 para os casos en que o fillo ou menor acollido a cargo teña a condición de persoa con discapacidade serán:

a) 1.000 euros cando o fillo ou menor acollido a cargo teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento.

b) 4.171,20 euros cando o fillo a cargo sexa maior de 18 anos e estea afectado por unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 65 por cento.

c) 6.256,80 euros cando o fillo a cargo sexa maior de 18 anos, estea afectado por unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 75 por cento e, como consecuencia de perdas anatómicas ou funcionais, necesite o concurso doutra persoa para realizar os actos máis esenciais da vida, tales como vestirse, desprazarse, comer ou análogos.

3. A contía da prestación por nacemento ou adopción de fillo establecida no artigo 186.1 será de 1.000 euros.

4. O límite de ingresos a que se refire o primeiro parágrafo do artigo 182.1.c) queda fixado en 11.264,01 euros anuais.

O límite de ingresos a que se refire o segundo parágrafo do artigo 182.1.c) queda fixado en 16.953,05 euros anuais, incrementándose en 2.745,93 euros por cada fillo a cargo a partir do cuarto, este incluído.

Disposición adicional sexta. *Subsidio de mobilidade e compensación para gastos de transporte.*

A partir do 1 de xaneiro de 2011, o subsidio de mobilidade e compensación para gastos de transporte, regulado pola Lei 13/1982, do 7 de abril, queda fixado en 59,50 euros mes.

Disposición adicional sétima. *Prórroga da vixencia das normas de procedemento relativas ao complemento por alugamento de vivenda.*

O procedemento de solicitude, recoñecemento e aboamento do complemento regulado no capítulo II do título II seguirase rexendo polas normas contidas nos artigos 21 a 24 e 26 do Real decreto 2007/2009, do 23 de decembro, sobre revalorización das pensións do sistema da Seguridade Social e doutras prestacións sociais públicas para o exercicio 2010, fin para o cal se prorroga a vixencia dos ditos artigos durante o ano 2011.

Para os indicados efectos, as referencias que nos artigos 22 e 26 se fan ao 31 de decembro de 2010 deberanse entender feitas ao 31 de decembro de 2011.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 2007/2009, do 23 de decembro, sobre revalorización das pensións do sistema da Seguridade Social e doutras prestacións sociais públicas para o exercicio 2010.*

O artigo 23.1.d) do Real decreto 2007/2009, do 23 de decembro, artigo declarado vixente para o ano 2011 pola disposición adicional sétima, queda redactado nos seguintes termos:

«d) O requisito de non ter co arrendador da vivenda alugada relación conxugal ou de parentesco ata o terceiro grao nin constituír con aquel unha unión estable e de convivencia con análoga relación de afectividade á conxugal acreditarase mediante declaración responsable do pensionista na que conste que o arrendador ou arrendadores da vivenda alugada non teñen con el relación de parentesco, por consanguinidade, afinidade ou adopción, ata o terceiro grao, nin conxugal nin de unión estable e de convivencia.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habílitase o ministro de Traballo e Inmigración para desenvolver o disposto neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con efectos, respecto á revalorización das pensións, así como dos importes das asignacións económicas por fillo a cargo, do subsidio de mobilidade e compensación para gastos de transporte e do complemento a favor dos titulares dunha pensión da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva que residan nunha vivenda alugada, desde o día 1 de xaneiro de 2011.

Dado en Madrid o 30 de decembro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Inmigración,
VALERIANO GÓMEZ SÁNCHEZ

ANEXO I

Sistema da Seguridade Social

Cadro de contías mínimas das pensións da modalidade contributiva para o ano 2011

Clase de pensión	Titulares		
	Con cónxuxe a cargo – Euros/ano	Sen cónxuxe: unidade económica unipersoal – Euros/ano	Con cónxuxe non a cargo – Euros/ano
<i>Xubilación</i>			
Titular con sesenta e cinco anos	10.388,00	8.419,60	7.985,60
Titular menor de sesenta e cinco anos	9.735,60	7.875,00	7.441,00
Incapacidade permanente			
Grande invalidez	15.582,00	12.629,40	11.978,40
Absoluta	10.388,00	8.419,60	7.985,60
Total: titular con sesenta e cinco anos	10.388,00	8.419,60	7.985,60
Total: titular con idade entre sesenta e sesenta e catro anos	9.735,60	7.875,00	7.441,00
Total: derivada de enfermidade común menor de sesenta anos	5.236,00	5.236,00	55% base mínima cotización réxime xeral
Parcial do réxime de accidentes de traballo:			
Titular con sesenta e cinco anos	10.388,00	8.419,60	7.985,60
<i>Viuvez</i>			
Titular con cargas familiares		9.735,60	
Titular con sesenta e cinco anos ou con discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por 100		8.419,60	
Titular con idade entre sesenta e sesenta e catro anos		7.875,00	
Titular con menos de sesenta anos		6.374,20	

Clase de pensión	Euros/ano
<i>Orfandade</i>	
Por beneficiario	2.571,80
Por beneficiario discapacitado menor de 18 anos cunha discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por 100	5.059,60
Na orfandade absoluta o mínimo incrementarase en 6.374,20 euros/ano distribuídos, de ser o caso, entre os beneficiarios	
<i>En favor de familiares</i>	
Por beneficiario	2.571,80
Se non existe viúvo nin orfo pensionistas:	
Un só beneficiario con sesenta e cinco anos	6.214,60
Un só beneficiario menor de sesenta e cinco anos	5.853,40
Varios beneficiarios: o mínimo asignado a cada un deles incrementarase no importe que resulte de ratear 3.802,40 euros/ano entre o número de beneficiarios	

ANEXO II

Sistema da Seguridade Social

Importes de determinadas pensións e prestacións da Seguridade Social en 2010, para efectos da aplicación da disposición adicional primeira

Clase de pensión	Titulares		
	Con cónxuxe a cargo – Euros/ano	Sen cónxuxe: unidade económica unipersoal – Euros/ano	Con cónxuxe non a cargo – Euros/ano
<i>Xubilación</i>			
Titular con sesenta e cinco anos	10.284,40	8.335,60	7.905,80
Titular menor de sesenta e cinco anos	9.639,00	7.796,60	7.366,80
Incapacidade permanente			
Grande invalidez	15.426,60	12.503,40	11.859,40
Absoluta	10.284,40	8.335,60	7.905,80
Total: titular con sesenta e cinco anos	10.284,40	8.335,60	7.905,80
Total: titular con idade entre sesenta e sesenta e catro anos	9.639,00	7.796,60	7.366,80
Total: derivada de enfermidade común menor de sesenta anos	5.182,80	5.182,80	4.876,76
			55% base mínima cotización réxime xeral
Parcial do réxime de accidentes de traballo:			
Titular con sesenta e cinco anos	10.284,40	8.335,60	7.905,80
<i>Viuvez</i>			
Titular con cargas familiares		9.639,00	
Titular con sesenta e cinco anos ou con discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por 100		8.335,60	
Titular con idade entre sesenta e sesenta e catro anos		7.796,60	
Titular con menos de sesenta anos		6.309,80	

Clase de pensión	Euros/ano
<i>Orfandade</i>	
Por beneficiario	2.545,20
Por beneficiario discapacitado menor de 18 anos cunha discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por 100	5.009,20
Na orfandade absoluta o mínimo incrementarase en 6.309,80 euros/ano distribuídos, de ser o caso, entre os beneficiarios	
<i>En favor de familiares</i>	
Por beneficiario	2.545,20
Se non existe viúvo nin orfo pensionistas:	
Un só beneficiario con sesenta e cinco anos	6.153,00
Un só beneficiario menor de sesenta e cinco anos	5.794,60
Varios beneficiarios: o mínimo asignado a cada un deles incrementarase no importe que resulte de ratar 3.764,60 euros/ano entre o número de beneficiarios	

Límite de pensión pública: 34.970,74 euros/ano.

Pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez non concorrentes, así como concorrentes con pensións de viuvez dalgún dos réximes do sistema da Seguridade Social ou con algunha destas pensións e, ademais, con calquera outra pensión pública de viuvez: 5.328,40 euros/ano.

Pensións da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva: 4.817,40 euros/ano.

Prestacións por fillo a cargo maior de 18 anos discapacitado:

Cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por 100: 4.129,20 euros/ano.

Cun grao de discapacidade igual ou superior ao 75 por 100 e necesitado do concurso doutra persoa para a realización dos actos esenciais da vida: 6.194,40 euros/ano.

Subsidio de mobilidade e compensación para gastos de transporte: 706,80 euros/ano.